



BASES DO PROGRAMA CONCILIA ESCOLAR 26/27 E POST-VERÁN CEIP NOSA SEÑORA DA PIEIDADE

1. Obxecto

O Programa Concilia escolar 2026/2027, é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de que os seus fillos e fillas, poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores en horario de tarde no CEIP Nosa Señora da Piedade.

O Programa Post-verán, pretende facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores en horario de mañá durante as vacacións de verán no CEIP Nosa Señora da Piedade.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan fillos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e que estean cursando no CEIP Nosa Señora da Piedade.

3. Requisitos e procedemento de concesión de prazas:

Non se admitirán aquelas solicitudes que non inclúan a documentación complementaria, debendo ter que proceder a realizar un novo rexistro coa mesma.

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos:

- 1) Que o/a neno/a curse os seus estudos no CEIP Nosa Señora da Piedade.

4. Desenvolvemento das actividades: quendas, horario , n.º de prazas e lugar de recepción:

4.1 Quendas: A actividade desenvolverase durante o curso escolar 26/27. E haberá 2 quendas:

1ª QUENDA) Horario de Outubro a Maio (15:25h a 16:25h) Xuño e Setembro (14:40h a 15:40h):

1º. 1 fillo/a usuario/a: 20€/mes

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





2º. Máis de 1 fillo/a usuario/a: o Primeiro serían 20 €/mes , os seguintes serían 15€/mes cada unha

*Prezo por días soltos: 3 euros/día

2ª QUENDA) Horario de Outubro a Maio (15:25h a 17:25h) Xuño e Setembro (14:40h a 16:40h):

1º. 1 fillo/a usuario/a: 30€/mes

2º Máis de 1 fillo/a usuario/a: o Primeiro serían 30€/mes, os seguintes serían 25 €/mes cada un/ha.

*Prezo por días soltos: 6 euros/día

No caso do POST-VERÁN:

1º. Desenvolverase os días: 1,2,3,4,7 e 8 de setembro 2026.

2º Prezo único de 30 €/ usuario-a.

3º Horario único de 08:45 a 13:15h

4.2 Horario do Concilia Escolar 26/27:

- Horario de outubro a maio: de 15.25 a 17.25 horas
- Horario de xuño e setembro: de 14.40 a 16.40 horas

4.3 Prazas:

Ofértanse un máximo de 50 prazas (de non acadarse un mínimo de 10 participantes non se poderá realizar o programa de conciliación escolar 26/27 nin o programa POST-VERÁN)

As actividades desenvolveranse nas instalacións do CEIP Nosa Señora da Piedade.

5. Solicitudes

A solicitude e a documentación complementaria presentarse no formulario normalizado que figura como ficha de inscrición/solicitude do Programa Concilia escolar 2026/2027, e que estará dispoñible nas dependencias do Concello, ou na web www.viladecruces.es.

Tamén se enviará por ABALAR.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) **Obrigatorio:** Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor-a legal.
- b) Comprobación de datos: O Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar será obxecto de consulta pola administración pública.

6.1. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

*** AQUELAS SOLICITUDES QUE SE REXISTREN SEN INCLUIR A DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE SOLICITA NESTAS BASES NON SERÁN VÁLIDAS.**

7. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

- ◆ O prazo de presentación das **solicitudes ordinarias** será **do 22 de xuño ao 30 de xuño 2026 ámbolos dous incluídos (convocatoria ordinaria).**
- ◆ O prazo de presentación das **solicitudes extraordinarias, de haber prazos dispoñibles, será do 2 de setembro ao 11 de setembro 2026 ámbolos dous incluídos (convocatoria extraordinaria).**

As solicitudes deberanse **presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.**

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES FORA DO PRAZO ESTIPULADO.

6. Prezo

O prezo no caso do CONCILIA ESCOLAR 26/27 dependerá de se solicita unha hora de servizo ou dúas horas de servizo, ademais haberá desconto para aquelas familias que teñan máis de un neno/a usuario/a do servizo; que se aplicará do seguinte xeito :

➤ **QUENDA) Horario de Outubro a Maio (15:25h a 16:25h) Xuño e Setembro (14:40h a 15:40h):**

1º. 1 fillo/a usuario/a: 20€/mes

2º. Máis de 1 fillo/a usuario/a: o Primeiro serán 20 €/mes , os seguintes serán 15€/mes cada un/ unha

*Prezo por días soltos: 3 euros/día

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





➤ **QUENDA) Horario de Outubro a Maio (15:25h a 17:25h) Xuño e Setembro (14:40h a 16:40h):**

1º. 1 fillo/a usuario/a: 30€/mes

2º Máis de 1 fillo/a usuario/a: o Primeiro serían 30€/mes, os seguintes serían 25 €/mes cada un/ha.

*Prezo por días soltos: 6 euros/día

O prezo no caso do POST-VERÁN 2026 será único por usuario: 30 €

6.1 Forma de pago

- **O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do participante.**

O pagamento no caso do CONCILIA ESCOLAR 26/27 deberase realizar antes do día 5 de cada mes, e deberase enviar o xustificante de pago ao seguinte email: mireya.otero@viladecruces.es

***Os que escollades a asistencia de días soltos, deberedes pagar como mínimo o día antes de acudir ao concilia (deberedes avisar da vosa asistencia o monitor-a, cun día de antelación, admitirase a asistencia do usuario/a sempre e cando haxa prazas libres).**

O pagamento no caso do POST-VERÁN deberá realizarse antes do día 24 de agosto 2026 e deberase enviar o xustificante de pago ao seguinte email: mireya.otero@viladecruces.es

8. Publicación do listado de admitidos/as no servizo.

INSCRICIÓNS ORDINARIAS:

- ◆ **O Listado** de admitidos/as: publicarase na páxina web e nas redes sociais do Concello de Vila de Cruces o día **15 de xullo de 2026**. (Aparecerá o número de identificación que indiques na solicitude)

EXTRAORDINARIAS (DE SER O CASO):

- ◆ **O Listado** de admitidos/as: publicarase na páxina web e nas redes sociais do Concello de Vila de Cruces o día **16 de setembro de 2025**. (Aparecerá o número de identificación que indiques na solicitude)

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

As persoas que se inscriban aparecerán reflexadas no listado de admitidos co número de identificación que indiquen na súa solicitude (deberá ser un n.º de 5 díxitos da súa preferencia)

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

Cod. Validación: 7XSSCNZ2YF5JNK9G2SAY3CEWJ
Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

